

BANDO

AMPLIACIÓN DE HORARIO FESTAS PARROQUIAIS DE ENTÍNS

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAI SABER:

Con motivo da celebración das Festas parroquiais de Entíns, acórdase a ampliación de horarios de peche dos establecementos públicos, segundo o disposto a continuación:

PRIMEIRO.- Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de peche dos establecementos públicos, na Serra de Outes, durante a noite do sábado 14 de setembro de 2024.

SEGUNDO.- Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración das festas, **serán aqueles que consten con licenza municipal para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

A prolongación do horario permitido de peche **debe respectar, en todo caso,** as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

TERCEIRO.- Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas.**

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde,

D. Manuel González López.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

